

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE MEAÑO PARA A REHABILITACIÓN E MELLORA DE CASETA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DE DENA

O xerente de Turismo de Galicia

### DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Concello de Meaño o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia de Turismo de Galicia e o Concello Meaño para a rehabilitación e mellora de caseta de información turística de Dena.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

**Segundo.-** Enclavado en pleno corazón do Salnés, rodeado polos concellos de Ribadumia, Poio, Sanxenxo e Cambados, e aberto na súa parte baixa ó mar de Arousa, o



Concello de Meaño combina como poucos a beleza natural da súa paisaxe coas imaxes máis emblemáticas da Galicia rural. O concello ofrece unha experiencia turística única nas Rías Baixas, combinando historia, natureza e tradición, con paisaxes impresionantes, rutas de sendeirismo, igrexas románicas e gastronomía local.

Os seus 28 km<sup>2</sup> de extensión albergan unha poboación de 5.475 habitantes, distribuídos en pequenos núcleos que configuran as sete parroquias que forman o concello: Covas, Padrenda, Xil, Meaño, Simes, Lores e Dena, esta última é a máis densamente poboada, e a única en contacto co mar.

A Comarca do Salnés, unha das principais zonas turísticas de Galicia, está situada nas Rías Baixas, coa Ría de Arousa polo norte e a de Pontevedra polo sur. En pleno corazón do Salnés, Meaño permite gozar da tranquilidade e o descanso a poucos quilómetros dos restantes concellos da bisbarra.

O Concello de Meaño ten reflectida nas súas pedras a historia que forxou ó longo dos séculos.

O seu patrimonio artístico é tan abundante como descoñecido. Ademais dos seus numerosos cruceiros, petos de ánimas, hórreos e muíños, algúns recentemente restaurados, podemos comprobar o señorío dos seus pazos, como o de Lis, na parroquia de Meaño, ou o de Zárate, en Padrenda, ou a beleza das súas igrexas e capelas, entre as que destacan a de Santa María de Simes e o templo románico de San Xoán de Meaño.

Así mesmo cómpre destacar a fermosura paisaxística que se observa no que se podería chamar a Rota das Capelas, visitando a da Virxe das Angustias (XII), a de San Amaro (Meaño), e a de San Bieito (Lores).

**Terceiro.-** O Concello de Meaño dispón dunha caseta de información turística desde o ano 2018 na Praza Nova de Dena. Este punto de información turística do concello abre no período estival e ofrece información sobre as propostas máis atractivas de ocio e turismo e sobre os lugares de interese para visitar, espazos naturais, monumentos, igrexas, museos, exposicións, festas, etc.

A caseta ten 12 m<sup>2</sup> de superficie, está construída en madeira con cuberta de chapa metálica recuberta de láminas de goma. A plataforma exterior de acceso consta dunha



base metálica sobre a que se apoia un piso de tarima de madeira, así como unha varanda metálica, sendo a súa superficie de 9,75 m<sup>2</sup>.

A situación de deterioro que se observa na dita caseta fai preciso que se leven a cabo as seguintes actuacións:

- Arranxo dos elementos estruturais de madeira danados, podres ou que faltan das paredes exteriores da caseta, e instalación de revestimento exterior en plástico reciclado de alta calidade.
- Substitución da cuberta danada existente por unha con cobertura de zincitanio.
- Substitución das tres xanelas existentes.
- Substitución da fachada da entrada por unha cristaleira con porta que permita o paso da luz solar.
- Reparación dos elementos metálicos oxidados ou deteriorados existentes, tales como as bases da caseta e da plataforma de acceso e da varanda perimetral.
- Retirada do pavimento danado de tarima existente e substitución por un de plástico reciclado de alta calidade.
- Pintado do interior da caseta.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Meaño unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

